

Manuel Caamaño Suárez nace en Noia en 1936. A súa traxectoria é unha actividade constante de combate a prol do país: estivo presente na fundación de O Galo de Santiago, en conferencias, proxectos editoriais e diferentes movementos democráticos, converténdose co seu protagonismo en memoria viva da historia dos galegos medrados na posguerra.

Nesta faciana de rica personalidade polifacética cabe tamén a docencia e a investigación. Na Escola de Aparelladores da Coruña desenvolveu un sistemático traballo do que resultaría o libro *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*, mostra do seu saber neste campo temático e que constitúe un auténtico inventario das construcións populares na Galicia rural.

O texto do que se fai recensión móvese nestas dúas iniciativas: a de acción e coñecemento, articuladas nun proxecto común de facer país por parte de Manuel Caamaño. Encabezaado co título *Dun tempo e dun país*, ofrécenos edi-

cións
Laiomento
unha escolma
das súas intervencións e
discursos realizados entre

No espello

Patrimonio identitario



MANUEL ROSALES



1989 e 2005. Ao propio autor pareceulle axeitado distribuílos en dúas partes. Na 1ª, “Escritos e intervencións orais”, recóllense lembranzas e evocacións de diferentes persoas significativas deste país, dáse testemuño do seu labor político e cultural e hónrase esta actividade a través de intervencións e entrega de galardóns; pero tamén ten cabida a contribución á historia deste país coas aportacións ao estudo do movemento cultural nos tem-

pos do franquismo e posteriores (1960-1990) onde o autor dá mostras do seu protagonismo ideolóxico e político.

A segunda parte do libro abre esa segunda xanela na rica personalidade de Manuel Caamaño. Titulada “Das construcións populares de Galiza”, recolle diferentes intervencións sobre o patrimonio popular, con antecedentes e valoracións. A tipoloxía das principais construcións da arquitectura popular en torno ao mundo do pan con inventario analítico e sistematizado (xeografía, orixe, estrutura, morfoloxía e agrupamentos) dos seus enxeños (fundamentalmente o hórreo e o muíño) é unha boa mostra da súa habelencia vocacional e do intento de rescatalas do descoñecemento ou infravaloración. A obra péchase cunha reflexión crítica sobre as repercusións no patrimonio popular arquitectónico e paisaxístico do que coñecemos como “feísmo”, un fenómeno de agresión e incuria que está hoxe no punto de mira de todos os axentes sociais preocupados pola ordenación do noso territorio.

O libro constitúe todo un esforzo, como declara o seu autor, por avanzar cara á normalidade do país e do seu máis prezado patrimonio identitario.

CAAMAÑO SUÁREZ,
Manuel, Dun tempo e dun país, Ed. Laiomento,
Santiago, 2007, 217 páxinas.